

de disolución os administradores que incumpran a obriga de convocar no prazo de dous meses a xunta xeral para que adopte, se é o caso, o acordo de disolución, así como os administradores que non soliciten a disolución xudicial ou, se procedese, o concurso da sociedade, no prazo de dous meses contados desde a data prevista para a celebración da xunta, cando esta non se constituíse, ou desde o día da xunta, cando o acordo for contrario á disolución ou ao concurso.

Nestes casos as obrigas sociais reclamadas presumiranse de data posterior ao acaecemento da causa legal de disolución da sociedade, salvo que os administradores acrediten que son de data anterior.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do artigo 105 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.*

Modifícase o punto quinto do artigo 105 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, que pasa a quedar redactado así:

«5. Responderán solidariamente das obrigas sociais posteriores ao acaecemento da causa legal de disolución os administradores que incumpran a obriga de convocar no prazo de dous meses a xunta xeral para que adopte, se é o caso, o acordo de disolución, así como os administradores que non soliciten a disolución xudicial ou, se procedese, o concurso da sociedade, no prazo de dous meses contados desde a data prevista para a celebración da xunta, cando esta non se constituíse, ou desde o día da xunta, cando o acordo fose contrario á disolución ou ao concurso.

Nestes casos as obrigas sociais reclamadas presumiranse de data posterior ao acaecemento da causa legal de disolución da sociedade, salvo que os administradores acrediten que son de data anterior.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao amparo das competencias que o artigo 149.1.6.^a da Constitución lle atribúe en exclusiva ao Estado en materia de lexislación mercantil.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno para que dite cantas disposicións sexan precisas para a debida execución e cumprimento do disposto nesta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

18668 *LEI 20/2005, do 14 de novembro, sobre a creación do Rexistro de Contratos de Seguros de Cobertura de Falecemento.* («BOE» 273, do 15-11-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Exposición de motivos

Moitos cidadáns españois teñen contratado un seguro de vida en calquera das súas modalidades (morte, invalidez, supervivencia) que cobren unha soa ou varias das anteriores contingencias (seguro puro ou mixto), e teñen unha duración variable (a toda vida ou temporais). Sexa en forma de seguros individuais ou colectivos, aproximadamente un de cada catro españois xera aforro e dereitos económicos para si ou para os seus beneficiarios, de acordo coas cláusulas de cada contrato de seguro.

Estes seguros de vida son tomados por si mesmos, ou en ocasión da contratación de operacións e servizos de todo tipo como por exemplo seguros de vehículos a todo risco, contratación de préstamos hipotecarios, subscripción de seguros de accidente e adhesión a seguros adxuntos a paquetes de viaxes turísticas, e/ou tarxetas de crédito.

Non obstante, sucede con demasiada frecuencia que, en caso de falecemento do tomador do seguro ou do asegurado, os seus posibles beneficiarios, precisamente por descoñecer a existencia do contrato de seguro, non están en condicións de reclamar o seu cobramento, polo que perden uns dereitos económicos a que teñen dereito e que deberían, por tanto, poder percibir.

Con independencia de que a ausencia de reclamación por razón do descoñecemento dos seus dereitos polos propios beneficiarios e a rápida prescrición destes dereitos lles poida producir ás compañías aseguradoras un beneficio indebido, pois moitas pólizas quedan sen cobrar, cómpre pórle remedio a esta situación.

Malia que na actualidade existe diferente normativa que regula o contrato de seguro, nin as previsións da Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro, nin o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, nin a Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro (que no seu capítulo 1 contén unha regulación xeral da protección dos clientes de servizos financeiros), prevén mecanismos que dean resposta axeitada a esta cuestión.

De acordo con isto, o Senado aprobou a Moción 671/187, na cal instaba o Goberno a «analizar, no prazo de seis meses, a viabilidade da creación dun rexistro único de pólizas de seguro de vida, con especial referencia á conxugación do dereito á información dos beneficiarios co dereito á intimidade dos tomadores, no marco da normativa sobre protección de datos de carácter persoal e da neutralidade entre diferentes instrumentos canalizadores do aforro».

Visto o informe elaborado polo Ministerio de Economía, relativo á citada moción, do 22 de maio de 2003, presentouse unha proposición de lei co obxecto de establecer un mecanismo de información e transparencia para que todos os contratos de seguro de vida cheguen a boa fin e se poidan cumprir todas as previsións do contrato no caso de se producir o risco que cubrían. Por todas estas razóns, créase o Rexistro de Contratos de Seguro con Cobertura de Falecemento.

Así pois, mediante esta lei créase un rexistro de carácter público no cal se deben inscribir os contratos de seguro de cobertura de vida que se asinen no Reino de España. Coa finalidade de que o rexistro sexa operativo, exclúense desta obriga os seguros celebrados no ámbito das relacións laborais e empresariais regulados mediante o Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos das empresas cos traballadores e beneficiarios, no cal xa se prevén mecanismos de información e protección abondos. A obriga de comunicación dos datos ao rexistro recae plenamente sobre as entidades aseguradoras, e constitúe infracción administrativa o incumprimento das obrigas establecidas nesta lei.

O rexistro, que actúa unicamente por solicitude da persoa interesada, facilita información soamente dos datos da persoa asegurada, pois é a morte desta a que xera a prestación. Non é, pois, obxecto do rexistro dar información sobre a morte da persoa tomadora, pois isto pode inducir a erro no caso de esta non coincidir coa persoa asegurada, nin tampouco das persoas beneficiarias, pois isto invadiría o dereito á intimidade destas e da persoa tomadora ou asegurada, ademais de se poderen dar erros tamén en caso de que a designación de beneficiarios se realizase á marxe do contrato de seguro ou de forma xenérica ou innominada. Así pois, o rexistro límitase a comunicar a condición de persoa asegurada do falecido, así como a sinalar a existencia dos contratos e as entidades aseguradoras con que se subscribiron os devanditos contratos. Con estas medidas facilítase substancialmente que os posibles beneficiarios poidan reclamar o cobramento dos seus dereitos, que é, en definitiva, o obxectivo perseguido por esta lei.

Por último, cómpre facer mención á obriga establecida na lei de que todos os contratos en carteira deban ser comunicados no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, para poder cumprir de xeito eficaz coa finalidade desta.

Artigo 1 *Creación do rexistro.*

Créase por esta lei o Rexistro de Contratos de Seguros de Cobertura de Falecemento.

Artigo 2 *Finalidade do rexistro.*

O rexistro ten por finalidade subministrar a información necesaria para que os interesados poidan coñecer, coa maior brevidade posible, se unha persoa falecida tiña contratado un seguro para caso de falecemento, así como a entidade aseguradora coa cal o subscribiu, co fin de lles permitir aos posibles beneficiarios dirixírense a esta para constatar se figuran como beneficiarios e, se é o caso, reclamaren da entidade aseguradora a prestación derivada do contrato.

Artigo 3 *Natureza xurídica.*

1. O rexistro que se crea por esta lei ten a natureza de rexistro público, dependente do Ministerio de Xustiza.

2. A xestión centralizada levarase no Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, que terá a condición de responsable do ficheiro, para os efectos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na devandita lei.

3. A información contida no rexistro gozará de presunción de veracidade para os efectos informativos, salvo proba en contrario.

A devandita presunción de veracidade terase que entender referida á existencia do contrato, sen que, en ningún caso, presupoña a existencia de cobertura ou do dereito ao cobramento da prestación, para o cal haberá que se ater ao estipulado no contrato en cuestión.

Artigo 4 *Ámbito de aplicación.*

1. Os contratos de seguro cuxos datos deberán figurar no rexistro serán os relativos aos seguros de vida con cobertura de falecemento e aos seguros de accidentes en que se cubra a continxencia da morte do asegurado, xa se trate de pólizas individuais ou colectivas.

2. Quedan excluídos do ámbito do rexistro:

a) Os seguros que instrumentan compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios regulados no Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro.

b) Os seguros en que, en caso de falecemento do asegurado, coincidan o tomador e o beneficiario.

c) Os contratos subscritos por mutualidades de previsión social que actúen como instrumento de previsión social empresarial, mutualidades de profesionais colexiados e mutualidades cuxo obxecto exclusivo sexa outorgar prestacións ou subsidios de docencia ou educación.

3. Regulamentariamente fixaranse as condicións baixo as cales se incluírán no rexistro os seguros en que o beneficiario sexa unha persoa xurídica e os seguros en que non resulta posible a identificación dos asegurados ata que se produce o falecemento.

Artigo 5 *Obriga de inscrición e contido do rexistro.*

1. As entidades aseguradoras que celebren ou celebren contratos de seguros aos cales sexa de aplicación esta lei, e sempre que estes estean vixentes, teñen o deber de lle comunicar ao Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade, coa periodicidade e mediante o procedemento que se determinen regulamentariamente, os datos que se especifican no punto seguinte. Tales datos poderán ser obxecto de tratamento automatizado.

Así mesmo, as entidades aseguradoras deberánlle comunicar ao Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade, nos termos, co contido, na forma e nos prazos que regulamentariamente se establezan, que a prestación derivada dun determinado contrato que figura no rexistro foi satisfeita.

Tales obrigas resultarán de aplicación tanto ás entidades aseguradoras españolas como ás domiciliadas nun país pertencente ao Espazo Económico Europeo que exerzan a súa actividade en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.

En caso de existencia de coaseguro, as obrigas a que se refiren os parágrafos precedentes recaerán sobre a entidade que, actuando como abridora, exerza a representación de todas as aseguradoras.

2. O rexistro conterá os seguintes datos:

a) Datos identificadores da persoa asegurada:

1.º Nome e apelidos.

2.º Número do documento nacional de identidade, número de identificación fiscal ou número do documento acreditativo de identidade que en cada caso corresponda.

b) Datos identificadores da entidade aseguradora:

1.º Denominación social.

2.º Domicilio.

3.º Clave administrativa coa cal figura inscrita no rexistro administrativo de entidades aseguradoras e reaseguradoras previsto no texto refundido da Lei de orde-

nación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

4.º Código de identificación fiscal.

c) Datos identificadores do contrato de seguro:

1.º Número de contrato ou referencia ao Regulamento de prestacións da mutualidade de previsión social, se é o caso.

2.º Tipo de cobertura.

Artigo 6 *Dereito de acceso.*

1. Poderá ter acceso ao rexistro calquera persoa interesada en obter información acerca de se unha persoa falecida tiña contratado un seguro para caso de falecemento e da entidade aseguradora coa cal estea subscrito.

2. O acceso ao rexistro só se poderá realizar una vez falecido o asegurado, despois de acreditar tal circunstancia, e sempre que transcorresen quince días desde a data de defunción. Para tal efecto, presentarse o correspondente certificado de defunción.

3. O prazo durante o cal estarán dispoñibles os datos no rexistro será de cinco anos, contados desde a data indicada no punto anterior. Non obstante, os datos relativos a contratos cuxas prestacións fosen satisfeitas pola entidade ou entidades aseguradoras cancelaranse do rexistro así que ao órgano encargado da súa xestión lle sexa comunicada tal circunstancia pola entidade aseguradora.

4. Regulamentariamente regularanse os procedementos e medios que se utilizarán para a consulta da información do rexistro.

Artigo 7 *Emisión de certificado polo rexistro e información que deben subministrarse ao consultante as entidades aseguradoras.*

1. O rexistro emitirá, no prazo que se determine regulamentariamente, un certificado en que conste en que contratos vixentes figuraba como asegurada a persoa falecida e con que entidade aseguradora. En caso de a persoa falecida non figurar como asegurada en ningún contrato dos que se inclúen no ámbito de aplicación desta lei, farase constar esta circunstancia no certificado que se emita.

O certificado do rexistro deberá emitirse na lingua empregada polo peticionario na correspondente solicitude de información de datos, xa sexa en castelán ou en calquera das linguas que teñen carácter de oficial nalguna comunidade autónoma.

2. Obtido o certificado, o consultante poderá obter das entidades aseguradoras información relativa a se nel concorre a condición de beneficiario. En caso de o consultante non ser beneficiario, a entidade aseguradora limitárase a facerlle constar a aquel esta circunstancia, sen lle facilitar ningunha outra información.

Artigo 8 *Réxime de infraccións e sancións.*

As obrigas das entidades aseguradoras comprendidas nesta lei teñen a consideración de normas de ordenación e supervisión dos seguros privados. O seu incumprimento constituirá infracción administrativa, de acordo co disposto no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.

Artigo 9. *Remisión de información á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

1. O órgano encargado da xestión do Rexistro Xeral de Actos de Derradeira Vontade remitirá, nos termos e coa periodicidade que regulamentariamente se estableza, á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, unha relación das entidades aseguradoras que subministrasen a información a que están obrigadas por esta lei.

Así mesmo, o citado órgano comunicará á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as incidencias significativas que se puidesen producir no cumprimento desta obriga.

2. Á vista das comunicacións do órgano encargado da xestión do rexistro, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá formular requirimentos ás entidades aseguradoras ou exixir, se é o caso, a realización de auditorías informáticas ou a aplicación doutras medidas correctoras para garantir a veracidade da información contida no rexistro.

Disposición adicional primeira. *Protección de datos de carácter persoal.*

O tratamento de datos de carácter persoal que derive do disposto nesta lei, así como a cesión destes para a súa inclusión no rexistro rexeráse polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as súas disposicións de desenvolvemento.

Non será preciso o consentimento do asegurado para a comunicación dos datos polas entidades aseguradoras coa finalidade de proceder á súa inclusión no rexistro nin para o tratamento que dos ditos datos leve a cabo o responsable deste.

Así mesmo, tampouco será necesario que a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado informe o asegurado da inclusión dos datos no rexistro.

Disposición adicional segunda. *Réxime orzamentario.*

Os preceptos desta lei cuxo cumprimento exixa realizar gastos con cargo aos orzamentos do Estado entrarán en vigor ao inicio do vindeiro exercicio orzamentario.

Disposición adicional terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno a proceder ao desenvolvemento regulamentario desta lei.

En particular, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, deberá levar a cabo o desenvolvemento regulamentario dos preceptos que permita a efectiva posta en marcha e o funcionamento do rexistro.

Disposición adicional cuarta. *Dereito supletorio.*

En todo o non previsto nesta lei serán de aplicación a Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro; o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro; así como o resto da lexislación xeral sobre protección dos clientes de servizos financeiros.

Disposición adicional quinta. *Obriga dos notarios.*

Os notarios que sexan requiridos para autorizar actos de adxudicación ou partición de bens adquiridos por herdanza deberán solicitar telematicamente, polo procedemento que regulamentariamente se estableza, salvo que

os interesados o acheguen, o certificado do rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, todo isto dentro do prazo de dispoñibilidade a que se refire o artigo 6 desta lei, incorporándoo á escritura pública.

No suposto de que exista algún seguro con cobertura de falecemento, os notarios advertirán os interesados da transcendencia xurídica de tal circunstancia.

Disposición adicional sexta. *Réxime competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado de acordo co artigo 149.1.8.ª da Constitución.

Disposición adicional sétima. *Taxa por expedición do certificado do Rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento.*

1. A xestión precisa para a expedición dos certificados a que se fai referencia no artigo 7 desta lei grávase cunha taxa, que se rexerá pola presente lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Constitúe o feito impoñible a expedición dos certificados a que se fai referencia no artigo 7 desta lei.

3. É suxeito pasivo a persoa que solicite a expedición da certificación.

4. A cota da taxa é de 3,26 euros por certificado expedido. Esta cantidade poderá ser actualizada por orde ministerial.

5. O devengo da taxa prodúcese cando se presente a solicitude para a obtención do certificado.

6. A forma de liquidación da taxa establecerase regulamentariamente.

Disposición transitoria primeira. *Contratos en carteira.*

As compañías aseguradoras deben proceder a lle dar cumprimento a esta lei respecto dos contratos vixentes no momento da súa entrada en vigor, no prazo dun ano desde a citada data.

Disposición transitoria segunda. *Remisión de datos correspondentes aos contratos de seguros de vida ou accidentes vinculados a tarxetas de crédito.*

As entidades aseguradoras disporán do prazo dun ano desde a entrada en vigor das disposicións regulamentarias desta lei para efectuaren a primeira remisión dos datos relativos aos contratos de seguros de vida ou de accidentes vinculados a tarxetas de crédito.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.*

1. Créase unha nova letra r) no punto 3 do artigo 40 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, coa seguinte redacción:

«r) O incumprimento da obriga de lle subministrar ao órgano competente a información a que se refire a lexislación reguladora do rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, cando tal conduta teña carácter repetitivo.»

2. Créase unha nova letra s) no punto 4 do artigo 40 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, coa seguinte redacción:

«s) O incumprimento da obriga de lle subministrar ao órgano competente a información a que se refire a lexislación reguladora do rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18769 *REAL DECRETO 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión á negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscrición e do folleto exixible para tales efectos. («BOE» 274, do 16-11-2005.)*

Este real decreto desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. En concreto, complétanse os seus títulos III e IV. Esta materia foi recentemente obxecto de modificación mediante a aprobación do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública que deu nova redacción ao réxime establecido na Lei 24/1988, do 28 de xullo, para a regulación das ofertas públicas e para a admisión a cotización en mercados secundarios oficiais de valores en España.

A reforma operada na Lei 24/1988, do 28 de xullo, polo mencionado real decreto lei perseguía, en primeiro lugar, traspasar a Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2003, sobre o folleto que debe publicarse en caso de oferta pública ou admisión a cotización de valores e pola que se modifica a Directiva 2001/34/CE (Directiva de folletos).

A Directiva de folletos introduce un cambio transcendental no funcionamento e organización dos mercados de valores da Unión Europea, xa que homoxeneiza as exixencias relativas a todo o proceso de aprobación do folleto exixido para a admisión a cotización de valores en mercados regulados comunitarios e para as ofertas públicas coa finalidade de facer efectivo o pasaporte comunitario do folleto. Deste modo, os folletos autorizados en España serán válidos nos demais Estados membros sen requisitos de información adicionais, e viceversa, creándose, xa que logo, un verdadeiro pasaporte europeo do folleto. Ademais, para os folletos de certas categorías de valores (valores non participativos cun valor nominal unitario de polo menos 1.000 euros), a directiva establece a liberdade de elección da autoridade competente por parte do emisor ou persoa que solicite a admisión.

Polo tanto, o novo marco de actuación establecido pola Directiva de folletos exixía un esforzo adicional por